



LIMPEZA E CONSOLIDACIÓN DUNHA CONTEIRA DE BRONCE DO CASTRO DE VILADONGA

Noelía Infante Quiroga*

Este artigo pretende dar a coñecer o proceso de restauración dunha conreira de bronce achada nas escavacións do castro de Viladonga no ano 1990, actualmente exposta no museo. Un exemplo do traballo de conservación, tanto de prevención como de curación, para lograr que a peza se manteña no mellor estado posible. Facemos tamén unha breve referencia ao marco legal sobre a conservación de material arqueolóxico vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Introdución

Dentro das tarefas do museo está a conservación dos bens arqueolóxicos que custodia, polo que é necesario levar a cabo un control ambiental e unha revisión periódica destes bens, tanto os expostos nas vitrinas como os gardados nos depósitos. Entre estes bens expostos, na vitrina dedicada ao traballo do bronce, móstrase unha conreira de bronce achada nas escavacións do castro de Viladonga, nos anos 90. O seu estado de conservación inicialmente parecía bo, pero nun exame máis exhaustivo constatouse a presenza dunha corrosión inactiva, polo que decidiuse levar a cabo un proceso de restauración no laboratorio. Neste artigo pretendemos dar a coñecer o tratamento de limpeza e consolidación desta peza de bronce e de como a partir deste traballo descubrimos a existencia de paralelos moi interesantes da mesma tipoloxía.

O traballo do equipo de conservación e restauración dos museos non é moi coñecido. Ás veces parece que só se interveñen as pezas con maior grao de deterioración, pero tamén son importantes as tarefas de conservación preventiva para alongar o bo estado dos bens e frear a súa deterioración. Enténdese como conservación preventiva (ICOM, 2008) todas aquelas accións e medidas que teñan como obxectivo evitar ou minimizar futuros danos ou perdas. Estas accións realízanse sobre o contexto ou a área circundante e son indirectas -non interfíren cos materiais e estruturas dos bens, nin modifican o seu aspecto-. Polo tanto, as tarefas de control ambiental e revisión periódica, tanto dos bens expostos como dos almacenados nos depósitos, son algunhas das medidas de conservación preventiva levadas a cabo no museo.

Cando estas medidas non son suficientes e hai algún dano que poida supoñer risco para a boa conservación das pezas, debe facerse unha intervención directa, trátase da conservación de cura, entendida como as accións aplicadas directamente sobre un ben para deter a deterioración e/o limitar lesións ou danos (UNE-EN 15898).

No caso desta conreira de bronce ao facer unha inspección rutineira da vitrina na que se expón comprobouse que a peza presentaba sinais dunha posible alteración polo que decidiuse examinala máis polo miúdo no laboratorio de restauración.

No referente aos criterios de intervención do material arqueolóxico facemos unha breve achega do marco normativo e recomendacións existentes ata o momento.

En canto aos criterios sobre a conservación e restauración de material arqueolóxico que se utilizan como guía e referencia é complicado atopar contidos específicos, xa que a maioría céntranse no sitio arqueolóxico ou bens inmoebles pero non sobre os bens moebles. No caso do marco normativo e criterios de conservación para o material arqueolóxico metálico cómpre destacar o Proxecto Coremans do que logo faremos referencia. Certamente todas as recomendacións son revisadas, modificadas e ratificadas en anos posteriores á súa formulación, para manter a súa vixencia como recomendacións. Destacamos dous artigos da “Recomendación relativa a la protección y promoción de los museos y sus colecciones, su diversidad y función en la sociedad” (UNESCO 2015) dentro das funcións primordiais dos museos:

7. La preservación del patrimonio comprende actividades relacionadas con la adquisición y gestión de las colecciones, con inclusión de análisis de riesgos y la creación de capacidades de preparación y planes de emergencia, así como seguridad, conservación preventiva y correctiva y restauración de los objetos museísticos, garantizando la integridad de las colecciones utilizadas y almacenadas.

8. Un elemento fundamental de la gestión de las colecciones museísticas es la creación y el mantenimiento de un inventario profesional y el control periódico de las colecciones. El inventario es un instrumento esencial para proteger los museos, prevenir y combatir el tráfico ilícito y ayudar a los museos a cumplir su función en la sociedad; además facilita la gestión adecuada de la movilidad de las colecciones.

Dentro do marco legal, o Museo do Castro de Viladonga é un centro de titularidade estatal coa xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia, sendo o órgano xestor a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da Xunta de Galicia.

- A Constitución española establece varios dereitos e obrigas referentes ao patrimonio. Sendo neste caso o artigo 46 o máis relevante. Xa que sinala que os poderes públicos garantirán a conservación [...] do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e os bens que o integran.

- No Estatuto de autonomía de Galicia, dispóñense varios artigos relativos ao patrimonio, que se centran no dereito e fomento da cultura e as súas competencias, non na conservación-restauración.

- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia que substitúe a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, actualiza moitos dos conceptos e amplía os elementos patrimoniais.

- A Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia; que substitúe ao título VIII da Lei 5/2016. Destacamos o título IV “Xestión dos fondos e coleccións museísticas”, que establece o concepto de colección museística, mencionando aspectos como a formación, os movementos de fondos, a conservación e outras invencións directas, como restauracións. A conservación trátase no artigo 34.

Nos primeiros dous documentos establécese a obrigatoriedade que ten a Xunta de Galicia de fomentar e ofrecer á súa cidadanía o patrimonio da Comunidade. E na nova lei, especificase que é moi importante a conservación e a restauración para garantir o benestar das pezas custodiadas nos museos, entre as que se encontra a conreira obxecto deste estudo.

A pesar de todo, non existe normativa específica referente á conservación e restauración de bens culturais, polo tanto tampouco para os bens arqueolóxicos. Nestas leis menciónanse por enriba os termos, pero non hai unha verdadeira regulación das actividades de conservación. Mentres que para arqueoloxía si existe un Decreto que regula a actividade arqueolóxica (Decreto 199/1997, 10 de xullo) pero non especifica nada sobre os bens arqueolóxicos moebles.

*noeliainfantequiroya@gmail.com / Bolseira de Restauración do

MCV. Xullo-décembro 2023

Descrición da peza

A peza na que se vai centrar este artigo é unha conteira de bronce que apareceu na campaña de escavacións do castro de Viladonga no ano 1990 (Arias, 1990, p. 106). Unha conteira é o remate da vaíña dunha arma, unha parte normalmente metálica que protexe a punta da arma que sería un puñal ou coitelo (fig. 1). As vaíñas ou fundas adoitaban ser dun material perecedoiro (coiro, madeira, óso) e o remate, chamado conteira, precisaría ser dun material resistente para protexer a punta da arma, as máis frecuentes son de bronce pero tamén hai algún exemplo de ferro. No esquema dos puñais e vaíñas tipo Quesada que achegamos pode entenderse moi ben a estrutura deste tipo de armas.



Fig. 1. Esquemas de García Jiménez das partes e estrutura dos puñais e vaíñas de tipo Quesada II, 2006.

A peza presenta un corpo rectangular con dous buracos na parte superior -un deles cun cravo de remache- e con dúas profundas “escotaduras ultrasemicirculares” na parte inferior, rematando en dous corpos cilíndricos transversais (fig.2).




Fig. 2. Conteira do castro de Viladonga. Debuxo Marta Cancio.



Fig. 3. Composición dun puñal de antenas. Museo do Castro de Viladonga.

Segundo F. Arias (1990, pp. 106-108), esta conteira apareceu soa nun nivel do camiño, polo que non se pode concretar a súa cronoloxía máis alá de que se trata dunha peza galaico-romana de entre os séculos II-V d. C. A súa técnica de fabricación é mediante o molde á cera perdida e con remaches, descoñecemos o material da vaíña.

Esta conteira forma parte dunha tipoloxía concreta do noroeste peninsular, asociada aos puñais de antenas. Un excelente exemplo foi o puñal achado no castro de Taramundi (fig. 4), imaxe obtida grazas á xenerosidade de Ángel Villa, formado por unha empuñadura de bronce, unha folla de ferro, que conserva fibras vexetais da súa vaíña, e unha conteira fundida en bronce, que presenta o mesmo tipo de “escotaduras” e cilindros que a peza que nos ocupa. Esta similitude foi a que se tomou como referencia para contextualizar e expor a conteira do castro de Viladonga (fig. 3)



Fig. 4. Puñal de antenas do castro de Taramundi.

Os puñais de antenas son pezas representativas da Idade do Ferro do noroeste peninsular e a súa cronoloxía esténdese dende finais da Idade de Bronce ata época romana e como di González Ruibal (2007, pp.437-439) estes puñais de 20 a 35 cm de lonxitude e as puntas de lanza de bronce ou ferro é o armamento predominante no territorio lucense. Ten clasificado ata seis tipoloxías diferentes de puñais de antenas nesta área (fig. 5).




Fig. 5. Tipoloxía de puñais de antenas. (González Ruibal, p. 439, Fig. 4.114).

A partir da restauración desta conteira fixemos unha busca de paralelos nos museos de Galicia e de Asturias, cómpre dicir que foi unha sorpresa descubrir que hai máis exemplares dos publicados ata o momento. Algunhas destas pezas xa aparecían na publicación que fixo Felipe Arias cando apareceu a conteira no castro de Viladonga. Aproveitamos para dar a coñecer as conteiras de bronce desta tipoloxía atopadas na área do noroeste peninsular (fig. 6). Todas elas apareceron no contexto dun castro e algunhas conservaban restos da vaíña de madeira e coiro, polo que se puido facer unha datación máis precisa que a do castro de Viladonga. Os períodos das outras abranguen desde os séculos V ao III a. C. o que converte a do castro de Viladonga na máis tardía. Pero como xa publicou F. Arias (1990, pp.106-108) probablemente a conteira do castro de Viladonga sexa máis antiga, pero a falta de material datable fai imposible precisalo.



Fig. 6. Mapa de localización dos castros nos que apareceron conteras. Debuxo. Marta Cancio

Conteras atopadas coa mesma tipoloxía que figuran no mapa (fig. 6):

-A Coruña: catro conteras do castro de Borneiro, (Cabana de Bergantiños), unha enteira e tres fragmentos correspondentes a outras tres e outra enteira do mesmo tipo de orixe descoñecida (Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, A Coruña).

-Asturias: unha contera de bronce dos castros de Taramundi, e outra de ferro do castro de Pendra, Villanueva (Museo Arqueolóxico de Asturias, Oviedo).

-Lugo: unha contera de bronce no castro de Viladonga, (Museo do Castro de Viladonga, Castro de Rei).

-Ourense: unha contera de bronce enteira do castro de San Cibrán de Lás e un fragmento do castro de San Tomé (Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense).

-Pontevedra: unha contera de bronce do castro de Fózara, (Ponteareas) (Museo Provincial de Pontevedra).

Algunhas delas presentan unha decoración xeométrica, a de Taramundi e a de San Cibrán de Lás, pero, como soamente están documentados dez exemplares, non podemos saber se é algo excepcional ou si era normal que tiveran ornamentación.

Estado de conservación

Nun primeiro exame organoléptico a contera atópase nun excelente estado de conservación (figs. 7-8). A peza non chegou completa ao museo, faltan tres dos catro remaches (probablemente todos de ferro) que levaría nos furados redondos e que unirían este remate coa vaiña. Ten un peso de 64'64 gramos, polo que se pode deducir que conserva o seu núcleo metálico, este dato xa fala do bo estado que presenta. A superficie ten unha pátina irregular, pero parece estable. Na información dispoñible no museo sobre esta peza, tanto no sistema de documentación DOMUS coma nos arquivos en papel, non figura ningún tratamento anterior.

Tras examinala na lupa binocular observouse que o interior estaba cheo de terra, o cal non sorprende ao non ser tratada con anterioridade.

Chama a atención a pátina da superficie que presenta moitas cores diferentes, desde o verde ao marrón, que poderíanse confundir con posibles alteracións, pero tal vez non sexa o caso. O máis probable é que toda esta gama de cores veña por unha diferenza da proporción dos metais da aliaxe utilizados na súa elaboración. (Devogelaere, 2017).



Fig. 7. Imaxe do anverso anterior á consolidación. Marta Cancio.



Fig. 8. Imaxe do reverso anterior á consolidación. Marta Cancio.

En xeral, todos os metais antigos presentan un aliaxe irregular, no bronce, por exemplo, fálase dunha mestura de cobre e estaño ao 50%, xa que é raro atopar unha aliaxe pura; o usual é que teñan algún outro mineral engadido, xa sexa intencionado ou de forma accidental, falaríase de impurezas polo baixo porcentaxe que adoitan presentar. O arsénico e o chumbo serían os minerais máis habituais atopados nos bronce (Montero, 2010, pp.168-172). Aínda así, para saber a composición exacta habería que realizar un estudo metalográfico.

No único remache de ferro que conserva presenta ao seu redor un ton azulado/verdoso que fai desconfiar da posible presenza de carbonatos activos na peza (fig. 9).



Fig. 9. Detalle da posible corrosión no remache de ferro.



Fig. 10. Detalle da posible corrosión nun dos cilindros.

Para confirmar a presenza de carbonatos extraeuse unha mostra das áreas sospeitosas (figs 9-10) facendo un test á gota con ácido clorhídrico. A proba deu negativo, polo que sospeitouse que poderían ser cloruros. Extraéuselle outra mostra das mesmas zonas e fíxoselle outro test á gota, esta vez con ácido nítrico e sulfato de prata, dando un resultado negativo.

Para descartar presenza de cloruros meteuse en cámara de humidade durante vinte e catro horas, sen provocar ningún tipo de eflorescencia. Por outra banda, grazas ao primeiro test á gota (ácido clorhídrico) deu positiva a presenza de ferro, polo que se pode concluír con fiabilidade que o remache é de ferro.

Táboa de test previos á intervención

Tipo de proba	Procedemento	Resultado
Test á gota (carbonatos)	Sobre a mostra botar unhas gotas de ácido clorhídrico	Negativo
Test á gota (ferro)	Sobre a mostra botar unhas gotas de ácido clorhídrico	Positivo
Test á gota (cloruros)	Sobre a mostra botar unhas gotas de ácido nítrico e despois engadir sulfato de prata	Negativo
Cámara de humidade (cloruros)	Deixar 24 h. nunha cámara estanca con auga “desionizada”	Negativo

Unha vez rexeitadas estas corrosións activas, o que queda é definir porque certas áreas da peza teñen esa cor diferente. Despois da investigación, chegouse á conclusión de que podería ser o propio óxido de cobre (II).

O óxido de cobre (I) é o que ten unha cor avermellada, pero o óxido de cobre (II) ten un ton verde azulado, sendo o máis habitual de ver, polo que o ton extremadamente azul desta peza, aínda que non é o común pode entrar dentro das posibilidades cromáticas.

Proposta de tratamento

Antes de comezar calquera tipo de tratamento hai que facer un estudo previo e unha proposta de intervención cuns obxectivos concretos. O obxectivo principal desta intervención é eliminar a terra observada coa lupa binocular, xa que a terra ten a capacidade de absorber humidade e retela, polo que é unha fonte potencial para causar alteracións no futuro. Tamén darlle unha limpeza xeral para mellorar o seu estado e facela máis lexible, así coma a aplicación dunha capa de protección que garanta a súa conservación.

Actuacións realizadas (Flos e García, 2008, pp.191-194); (Proxecto COREMANS, 2015, pp. 32-39):

- Eliminación das concrecións terrosas con limpeza mecánica en seco co bisturí e paus de bambú. Existe a posibilidade de que haxa que humectar con etanol ou *Teepol* se a terra presenta moita resistencia.

- Limpeza xeral con etanol e hisopo.

- Aplicar a capa de protección:

Capa de Paraloid B-72 ó 20% en acetona.

Capa de cera microcristalina.

En principio, se durante o tratamento non se presenta ningún problema, isto sería suficiente para garantir o seu bo estado.

Intervención

A intervención comezouse cunha limpeza mecánica en seco cun pincel de seda curta, posteriormente utilizáronse etanol e hisopo, pero ao pasalo pola superficie quedaba igual de branco, entón, probouse nunha zona usando o bisturí e saíu unha especie de resina (fig. 11).



Fig. 11. Detalle dos restos de verniz.




Fig. 12. Detalle dos restos de verniz baixo binocular.

Posiblemente se trate dun verniz tipo “zapón”, documentado en outras pezas de bronce tratadas e documentadas polo restaurador Fernando Carrera. Consiste nunha laca incolora de base “nitrocelulósica” que se utiliza para a protección de metais en xeral

(GE-IIC, 2022); ao retirar un pouco, xunto coa película da laca, saíu terra (fig. 12), polo que o máis probable é que, tras extraela, se lle dese unha limpeza superficial rápida e se lle aplicase directamente este verniz para a súa exposición.

A limpeza proseguiu mecanicamente co bisturí en seco retirando esta laca transparente, complicada de localizar, xa que non está aplicada de forma uniforme na superficie da conteira, polo que hai que ir pouco a pouco retirándoa baixo o binocular para quitar a película sen raiar; por iso, entre unha xornada e outra, deixábase a conteira envolta en algodón empapado en acetona para amolecer o verniz (fig. 13), xa que se supón, que ao ter base “nitrocelulósica” disolveríase, pero non fixo moito efecto, así que cabe a posibilidade de que non se trate deste produto.

Despois de retirar a laca dalgunhas zonas, concretamente nas que destacaba pola súa cor e dar negativo nos tests de carbonatos e cloruros, volveuse realizar o test á gota con ácido clorhídrico, dando positivo en carbonatos, o cal é moi curioso, xa que este test fíxose dúas veces con resultado negativo, polo que o probable é que a laca interferise nas probas, alterando os resultados.



Fig. 13. Algodón empapado con acetona.




Fig. 14. Detalle da limpeza co lapis.

A presenza de carbonatos brandos dentro dos cráteres, foron retirados co lapis de ultrasóns, que ten mellor accesibilidade que o bisturí (fig. 14) e limpáronse con acetona, etanol e hisopo. De todas formas, para acabar de retirar ben os carbonatos, meteuse varias veces na cuba de ultrasóns, na que saíu todo o po, que non estaba accesible co hisopo. A contrapartida de retirar os carbonatos é que agora a superficie, antes regular, presenta unha serie de irregularidades, que foron consolidadas con *Paraloid B-72* ao 10% en etanol mediante pincel.

Por último, aplicouse unha capa de protección co Paraloid B-72 ao 10% en acetona mediante pincel e, despois de que secase, aplicouse unha capa de cera “microcristalina” para uniformar a superficie (figs. 15-16). Esta capa de protección illada protexe a peza da acción degradante da luz e evita o contacto directo nas manipulacións da peza.



Fig. 15. Anverso da concheira. Marta Cancio.



Fig. 16. Reverso da concheira. Marta Cancio.

O cambio da peza respecto ao comezo é moi notable, sendo a variación da cor parda a verde, o máis visible.

Recomendacións

Antes do tratamento, a peza xa estaba estabilizada, polo que non hai que facer moitas modificacións nas recomendacións de conservación preventiva. Ao atoparse na exposición permanente do museo, na vitrina ten unha contorna estable, sen variacións bruscas de temperatura e humidade, dados os controis ambientais e de iluminación que, periodicamente, fai o museo.

Conclusión

A partir da revisión desta peza que, en principio, non parecía presentar moitos problemas, detectouse unha corrosión inactiva que foi tratada para garantir unha boa conservación. Trátase dun exemplo da importancia de documentar todos os tratamentos e procesos de restauración e da necesidade dunha conservación preventiva eficaz para manter as pezas nun estado óptimo de conservación a longo prazo.

Paralelamente ao traballo de restauración desta concheira fixemos un achegamento a outros exemplares da mesma tipoloxía e, resultou moi gratificante comprobar que había máis pezas das que inicialmente tiñamos constancia. Segundo fomos avanzando no estudo puidemos documentar outras concheiras aparecidas en traballos arqueolóxicos posteriores, algunhas delas aínda non están publicadas. Posiblemente en futuras intervencións arqueolóxicas aparezan máis exemplares deste tipo de pezas do mundo castrexo do noroeste peninsular que acheguen nova información interesante. (Fig.17)

Agradecementos:

Felipe Arias Vilas, Angel Villa Valdés, Carolina Pérez Pérez.

Imaxes:
Museo do Castro de Viladonga, Castro de Rei, Lugo.
Marta Cancio Martínez.

Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón da Coruña. Concheiras de Borneiro.

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Depósito da Xunta de Galicia. Concheiras de San Cibrán de Las e de San Tomé.

Museo Provincial de Pontevedra. Concheira de Fozara

Museo Arqueolóxico de Asturias, Oviedo. Concheiras de Taramundi e de Pendia.

Debuxo da concheira de San Cibrán de Las, realizado a partir dunha fotografía por Marta Cancio Martínez.




Fig. 17. Debuxos de concheiras de diferentes castros.

Bibliografía

Arias Vilas, F., (1990). Achado dunha conteira no Castro de Viladonga (Lugo), *Boletín Auriense do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense*, Tomo XX-XXI, pp. 105-117.

Costas Goberna, F. J. e Hidalgo Cuñarro, J. M., (1977). Importantes hallazgos en el castro “A Cidade” de Carneiro (Fozara, Ponteareas), *El Museo de Pontevedra*, XXXII, Memoria 1977, pp. 61-68.

Devogelaere, J., (2017). *The Colour Palette of Antique Bronzes: An Experimental Archaeology Project*. EXARC, n.p. ffhalshs-01537705f.

Flos Travieso, N. E García Fortes, S., (2008). *Conservación y restauración de bienes arqueológicos*. Madrid: Editorial Síntesis.

García Jiménez, G., (2006). Las primeras producciones de antenas de la meseta. Patrones de influencia y desarrollo morfológico de las espadas de tipo echauri/quesada II, *GLADIUS, estudios sobre armas antiguas, armamento, arte militar y vida cultural en oriente y occidente*, nºXXVI. pp. 19-60.

González Ruibal, A., (2007). GALAICOS. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a. C.-50 d. C.), *Brigantium*, volume 19, Tomo II.

IPCE, (2017). *Fundamentos de conservación preventiva*. Madrid: Departamento de Conservación Preventiva. Área de Investigación e Formación do IPCE.

Montero Ruiz, I., (2010). Tecnología de la metalurgia de base cobre. En: *Manual de Arqueometalurgia*. Madrid: Alcalá de Henares: Museo Arqueológico Regional,pp. 159-188.

Proyecto COREMANS, (2015). *Criterios de intervención en materiales metálicos*. En: Publicaciones electrónicas de la Secretaría de Estado y Cultura. España: Secretaría General Técnica.

Romero Masiá, A., (1987). *Castro de Borneiro. Campañas 1983-84*. En: Arqueoloxía/Memorias 7. Servicio de Arqueoloxía da Xunta de Galicia.

Villa Valdés, Á., (2009). *Museo Castro de Chao Samartín Grandas de Salime, Asturias, Catálogo*. Consejería de Cultura y Turismo do Gobierno del Principado de Asturias. pp. 106-107.

Cartas e recomendacións

UNESCO, (1956). *Recomendaciones de Nueva Delhi*. Consultada na páxina do Ge-IIC. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: https://www.ge-iic.com/wp-content/uploads/2008/10/1956_recomendacion-de_Nueva_Delhi.pdf

ICOMOS (1990). *Carta Internacional para la gestión del patrimonio arqueológico*. Consultada na páxina do ICOMOS. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: https://www.icomos.org/images/DOCUMENTS/Charters/arch_sp.pdf

UNESCO(2000). *Principios para la conservación y restauración del patrimonio construido*. Consultada na páxina da UNESCO. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: https://en.unesco.org/sites/default/files/guatemala_carta_cracovia_2000_spa_orof.pdf

ICOM (2008). Terminología para definir la conservación del patrimonio cultural tangible, Consultada na páxina do GEIIC. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: https://ge-iic.com/files/Cartasydocumentos/2008_Terminologia_ICOM.pdf

UNESCO (2015). *Recomendación relativa a la protección y promoción de los museos y colecciones, su diversidad y función en la sociedad*. Consultada na páxina da UNESCO. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: <https://www.unesco.org/es/legal-affairs/recommendation-concerning-protection-and-promotion-museums-and-collections-their-diversity-and-their>

Marco legal

Constitución Española (1978). Consultada na páxina do BOE. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: [https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/(1)/con)

Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Consultada na páxina do BOE. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es/lo/1981/04/06/1/con>

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Consultada na páxina do BOE. Consultado o 20/12/2022. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2016-5942>

Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia (2021). Consultada na páxina do BOE. Consultado o 05/12/2022. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2021/02/17/7>

Webgrafía

GE-IIC (2022). Páxina do Grupo Español de Conservación. Consultado o 18/10/2022. Dispoñible en: <https://www.ge-iic.com/fichas-tecnicas/proteccion-temporal-o-final/laca-zapon/>